

Outro mundo é posíbel:
O reino da necesidade de
Vandana Shiva

Anna Cervera i Iglesias



BAÍA EDICIÓN S

Edita

Baía Edicións

Deseño gráfico

Baía Edicións

Impresión

Galigraf Galicia

A Coruña

ISBN: 978-84-96526-84-6

D. Legal: C 401-2007

1ª Edición

Marzo 2007

© 2007

Anna Cervera Iglesias

© 2007

Baía Edicións

Polígono de Pocomaco, 2ª Avda.

Parcela G18 - Nave posterior

15190 A Coruña

Tel.: 981 174 296

Fax: 981 915 698

Distribución:

Consortio Editorial Galego

pedimentos@coegal.com

www.baiaeditions.net

Limiar

Hai moitas e diversas maneiras xa de achegarse, xa de profundar na reflexión sobre a crise ecolóxica ou a globalización en xeral, ou, máis en concreto, sobre a enxeñería xenética, a biotecnoloxía, a produción e a reprodución, o libre comercio, a pobreza, a saúde, a alimentación. Unha das mellores vías en tanto que abrangue ambas as dúas posibilidades, ao meu entender, é a que ofrece o pensamento e a práctica ecofeminista de Vandana Shiva, de aí que comece por subliñar que é un acerto a publicación dun libro como este de Anna Cervera que contribúa a que se divulgue e discuta a obra dunha das mulleres máis activas, coñecidas e recoñecidas, a nivel mundial, tanto desde o feminismo como do ecoloxismo ou dos movementos alterglobalización. As razóns para introducírmonos na súa visión abundan. A súa formación científica, o ser unha voz do Sur, o seu compromiso práctico cos pobres da terra e, nomeadamente, coas mulleres, presente e patente nos seus textos e nas súas intervencións en distintos foros internacionais, fornecen a crítica a un desenvolvemento e crecemento económico xerador de desigualdades, pobreza e degradación do mundo natural, tanto a nivel local como global. Un pensamento e unha práctica que responde con contundencia ao que se xulga como un "mal desenvolvemento" e que, pola contra, adoita unha perspectiva de subsistencia, aquela que parte das necesidades fundamentais da vida.

Modernización, desenvolvemento, progreso son obxecto de reflexión e ante todo de cuestionamento por canto responden a unha visión mecanicista e reducionista da natureza e da vida, das relacións sociais humanas que deriva da concepción da ciencia moderna occidental e que se explicita na relación de dominio explotador entre o home e a natureza. Unha concepción que opera basicamente con dicotomías e, xa que logo, con xerarquías, dando lugar a unha dicotomización estrutural da realidade. Quizais podería pensarse que nos atopamos diante dunha crítica máis á ciencia e á tecnoloxía desde postulados anticientifistas ou idealistas, non obstante o que nos propón Shiva só pode entenderse desde unha chamada á responsabilidade e control social da ciencia e da tecnoloxía, unha chamada que leva a non confiar cegamente nos "expertos", que asume unha perspectiva materialista, ética e política da ciencia, que ten a súa razón de ser na intersección de ecoloxía e feminismo, é dicir, na súa concepción ecofeminista. É pertinente ter en conta que Vandana Shiva, xunto con María Mies, forma parte do grupo de pioneiras que desde os anos oitenta dirixen os seus esforzos a conectar ecoloxía e feminismo, poñendo de relevo que a violencia, a dominación, a explotación, a militarización e a guerra

toman corpo na relación entre o home e a natureza, unha relación que non pode desligarse da relación entre homes e mulleres. Isto é, insisten no vencello entre muller e natureza, de xeito que non se contemplan illadamente a feminización e romantización da natureza e a inferiorización das mulleres; a violencia e a dominación da natureza é a violencia e dominación das mulleres.

Da man de Anna Cervera amósanosen os fíos e fitos do pensamento de Vandana Shiva. Con certa claridade imos vendo, entón, os conflitos ecolóxicos, distributivos, as inxustizas sociais, que afectan ás nosas sociedades, ás do Norte e ás do Sur, as desigualdades entre mulleres e homes, entre razas e etnias, entre poboacións pobres e ricas, rurais ou urbanas. Imos vendo así mesmo como se desenvolve a crítica á ciencia, á tecnoloxía, ao industrialismo, ao capitalismo, desde unha posición que quer ser holística, non dicotomizadora ou dualista, que quer ser antixerárquica e igualitaria, que 'abraza a vida', e que o fai desde a maraña dunha cultura como a da India. Ao longo das páxinas Anna Cervera vai dando conta dos problemas, dos conflitos prácticos máis urxentes hoxe en día e moi en particular daqueles que atinxen á saúde e á alimentación, á marxinación das mulleres e da biodiversidade. En definitiva, topámonos doadamente co artellamento de ecoloxismo, feminismo e pacifismo que caracteriza o pensamento de Shiva. Aínda que o ton do libro é loxicamente expositivo, pode percibirse, e a ninguén se lle escapa, que o seu pensamento e a súas alternativas non están exentas de problemas. Mais o que é importante é que nos esixe unha discusión crítica, o cal, neste caso, non é unha chata senón todo o contrario, pois nos obriga a pensar, a remover algunhas das nosas certezas e, por descontado, tamén a disentir. Despois de todo o que Shiva nos di non nos é indiferente nin nos deixa indiferentes. Porén, animo á lectura deste libro, e, ao acerto da súa publicación, engadirei o bo labor de Anna Cervera para introducirnos nunha autora que nos sitúa nos problemas e retos dunha ética e dunha política consonte coa vida, na procura dun mundo máis xusto e igualitario.

María Xosé Agra Romero